



RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN CONTRATACIÓN DE DOUS PEONS AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL CONCELLOS 2023

EXPEDIENTE:2023/G003/000147

ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Por decreto desta Alcaldía, de data 30.03.2023, aprobáronse as bases e convocouse proceso selectivo para a contratación de dous peóns para formar a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2023 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia da Deputación Provincial da Coruña. A dita convocatoria publicouse no BOP núm. 64, do 3 de abril de 2023, e as bases e a dita convocatoria na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, por Decreto desta Alcaldía, de data 12.04.2023, aprobouse a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de dous días hábiles aos efectos de subsanacións de deficiencias e/ou reclamacións.

Rematado o dito prazo sen que se presentara ningunha subsanación e/ou reclamación á dita relación provisional, por Decreto desta Alcaldía, de data 17.04.2023, aprobouse a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nomeouse aos membros do tribunal cualificador, e convocáronse para a realización da valoración da documentación da fase de concurso e para a realización da proba práctica.

Vista a proposta do tribunal cualificador segundo as puntuacións obtidas polos/as aspirantes durante o proceso selectivo, tal como se reflicte de seguido, e de conformidade coa dita proposta.

DNI	APELLIDOS E NOME	PUNTUACIÓN		
		FASE CONCURSO	FASE OPOSICIÓN	TOTAL
1620*	Fernández Candal, Javier	0,50	6	6,50
3578*	Mira Bao, Víctor Angel	0,50	7	7,50

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear persoal para o posto de peón, dende o día 24 de abril ata 3 de decembro de 2023, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, cun salario bruto mensual de 1.166,67 euros, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias, a:

- Don Víctor Angel Mira Bao, DNI **3578***
- Don Javier Fernandez Candal, DNI ***6205**.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2023/G003/000147

SEGUNDO.- Notificar aos interesados para a sinatura do correspondente contrato.

TERCEIRO.- Publicar o presente decreto na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

Mesía, xoves 20 de abril de 2023

O Alcalde /Presidente

Mariano Iglesias Castro